



HISTORIA DE ROMA (III)

O IMPERIO: PRINCIPADO (27 a.C.-235 d. C.)

DINASTÍA XULIO-CLAUDIA

Gaio Xulio César Octaviano **Augusto** (27 a.C.-14 d.C.)

Tiberio Claudio Nerón (14-37 d.C.)

Gaio Xulio César **Calígula** (37-41 d.C.)

Claudio César Xermánico (41-54 d.C.)

Claudio César **Nerón** (54-68 d.C.)




Octavio
Augusto (27
a.C.-14 d.C.)

A habilidade de Augusto consistiu en reunir na súa persoa todos os poderes das institucións republicanas, mais nunca aceptando o título de “rei” ou “soberano”. E a súa figura foi moi ben aceptada, xa que consolidou a paz interna de Roma tras un século de guerras civís.

A palabra “emperador” procede da latina *imperator*, que era o título concedido a un xeneral vitorioso. O Senado renovoulle este apelativo a Augusto todos os anos ata a súa morte, e foi aplicado tamén ós seus sucesores.

PAX AVGVSTA

Ademais, en aparencia, Augusto compartía o poder co Senado (designado por el), xa que dividiu as provincias do Imperio en dúas clases: as imperiais (necesitadas dun exército para pacificalas) e as senatoriais (xa dominadas).



Virxilio e as musas

Asemade, quixo dar un modelo moral ós cidadáns: a través de Gaio Mecenás, constituíu un círculo de autores literarios que escribiron obras destinadas a glorificar os “valores eternos” de Roma. Por outra banda, fixo de Roma unha cidade autenticamente monumental.




A Ara Pacis



O Teatro de Marcelo

Segundo Augusto ía envellecendo, entre a clase dirixente xa calara a idea de que era necesaria unha persoa que o sucedese nos seus poderes e no ascendente moral que tiña sobre o Estado




Mausoleo de Augusto



Dado que o propio Augusto preparara os membros máis novos da súa familia para os deberes públicos (como tradicionalmente facían as familias patricias), o escenario estaba listo para unha sucesión dinástica: Roma era xa unha monarquía sen rei. O cadro da diapositiva seguinte presenta a descendencia de Augusto, da que saíron os catro emperadores posteriores

Dinastía Julia-Claudia





Tiberio (14-37 d.C.)

Aínda que non era a súa primeira idea, Augusto designou como sucesor un fillo da súa esposa Livia: Tiberio. Durante o seu goberno comezou unha constante: amplas cotas de poder eran concedidas ó prefecto do Pretorio, que era o xefe da garda persoal do Emperador. Neste caso, Tiberio case foi derrocado polo prefecto Sexano, aínda que reaccionou a tempo. Retirado na illa de Capri, Tiberio morreu sen fillos.

Calígula é un alcume procedente de *caligae*, unhas sandalias militares que adoitou levar desde rapaz. Accedeu á sucesión tras matar o seu curmán. O seu goberno foi arbitrario, e moitas persoas atoparon a morte como consecuencia dos seus caprichos, que foron moi famosos: mesmo valorou nomear cónsul ó seu cabalo. Foi asasinado por un grupo de conspiradores, e os pretorianos elixiron o seu sucesor.

Calígula (37-41 d.C.)



Este foi Claudio, tío de Calígula e curmán de Tiberio. Escollérono porque era tatexo e contrafeito, e confiaban en podelo manexar. Mais resultou ser un gobernante asisado, que destacou nas súas campañas militares (Britania) e na construción de acuedutos. Foi envelenado pola súa cuarta esposa, Agripina, quen antes o convencera de adoptar o seu fillo Lucio Domicio, máis coñecido como Nerón.



Claudio (41-54 d.C.)

Nerón (54-68 d.C.)



O goberno de Nerón comezou ben, asesorado polo filósofo Séneca. Mais ós cinco anos pareceu entolecer: ordenou os asasinatos da súa nai e do seu medio irmán, así como de máis membros da familia. Descontento coa cidade, crese que ordenou o seu incendio, do que logo foron acusados os cristiáns. En todo isto foi axudado polo prefecto do Pretorio Tixelino. Finalmente, os mesmos pretorianos conspiraron contra Nerón, quen se fixo matar por un liberto.


O ano 69 resultou caótico: tres xenerais (Galba, Otón e Vitelio) foron proclamados Emperadores sucesivamente polas súas respectivas lexións, acantonadas en varias partes do Imperio. Logo dunha breve guerra, o exército das provincias orientais conseguiu facer Emperador a Vespasiano, que iniciou unha nova dinastía: a dos Flavios.

DINASTÍA FLAVIA

Flavio **Vespasiano** (69-79 d.C.)

Tito Flavio (79-81 d.C.)

Tito Flavio **Domiciano** (81-96 d.C.)



Vespasiano
(69-79 d.C.)

Condenando ó esquecemento todo o feito por Nerón, o novo Emperador restableceu a paz civil e devolveu certos poderes ó Senado. Tamén quixo embelecer a cidade, comezando o Anfiteatro Flavio ou Coliseo, que rematará o seu fillo Tito

O Coliseo



Tito(79-81
d.C.)

O reinado de Tito continuou a liña do seu pai, e destacou na campaña de Palestina, así como na axuda ás vítimas da erupción do Vesubio que sepultou Pompeia.



Domiciano
(81-96 d.C.)

O derradeiro Emperador da dinastía, irmán do anterior, apartouse da moderación dos seus antecesores e instaurou un réxime de terror, con abondosos asasinatos de senadores. Fatalmente, el tamén foi eliminado por unha conspiración.

Logo da morte violenta de Domiciano, o Senado elixiu emperador un dos seus membros, Marco Cocceio Nerva, quen gobernará pacificamente entre o 96 e 98 d.C. Nerva escolleu e formou para a súa sucesión o xeneral de orixe hispana Marco Ulpio Traxano, quen deu inicio a unha dinastía, a Antonina, que levou Roma ó seu máximo esplendor, segundo din os historiadores.

DINASTÍA ANTONINA

Marco Ulpio **Traxano** (98-117 d.C.)

Publio Elio **Adriano** (117-138 d.C.)

Tito Aurelio **Antonino Pío** (138-161 d.C.)

Marco Aurelio Vero (161-180 d.C.)

Marco Aurelio **Cómodo** Antonino (180-192 d.C.)

Muro de Adriano




Gran militar, Traxano asegurou a fronteira cos xermanos e engadiu Dacia (actual Romanía) ó Imperio. Tamén forneceu a Roma de servicios públicos como termas e repartos de gran. As súas conquistas conmemóranse na columna que leva o seu nome.



Traxano (98-117 d.C.)

Adriano (117-138 d.C.)



Adriano limitouse a consolidar as fronteiras: boa proba diso é a muralla que ergueu en Britania. Favoreceu o comercio e a cultura. Fixo construír un palacio nos arredores de Roma para disfrutar nel da compañía do seu amante Antínoo. Cando morreu, os seus restos foron soterrados nun mausoleo, hoxe Castel Sant'Angelo.



Columna Traxana



A boa xestión continuou con Tito Aurelio Antonino; de feito, pasou á historia co alcume de “Pío”. Mesmo compartiu o goberno cos seus fillos adoptivos Marco Aurelio e Lucio Annio Vero.

Antonino Pío
(138-161 d.C.)

A morte accidental do seu irmán Lucio elevou ó trono a Marco Aurelio. Foi chamado “o emperador filósofo”, debido a que profesaba o estoicismo; como proba, conservamos as súas *Meditacións*.



Marco Aurelio
(161-180 d.C.)



Cómodo (180-
192 d. C.)

Fillo de Marco Aurelio, Cómodo accedeu ó poder ós 19 anos, e converteuse nun autócrata. Cría ser a reencarnación de Hércules (mesmo chegou a combater como gladiador) e ordenou asasinatos indiscriminados. Morreu vítima dunha conxura.

Igual que no final da dinastía Xulio-Claudia, despois da morte de Cómodo veu un ano de loitas polo poder entre os militares. O 193 coñeceu dous Emperadores desta caste: Elio Pértinax e Didio Xuliano (este último comprou o cargo ós pretorianos). Finalmente, tras a morte de Xuliano, o Senado aceptou a Septimio Severo como Emperador, co que comezaba unha nova dinastía: a Severa

DINASTÍA dos SEVEROS


Septimio Severo (193-211 d.C.)

Septimio Basiano **Caracalla** (211-217 d.C.)

Opelio **Macrino** (217-218 d.C.)

Vario Avito **Heliogábalo** (218-222 d.C.)

Alexandre Severo (222-235 d.C.)



Septimio Severo (193-211 d.C.)



Restos das termas de Caracalla

Septimio Severo foi un Emperador preocupado polas obras públicas e as conquistas (erixiu un arco conmemorativo no Foro). Influiu no seu goberno a súa dona, a culta Xulia Domna. Morreu en Britania en plena guerra.

O nome de Caracalla é un alcume derivado dunha capa céltica que levaba. Concedeu a cidadanía romana a todos os habitantes do Imperio, talvez por motivos fiscais. Megalómano, críase un novo Alexandre Magno. Mostras: construíu unhas termas monumentais e quixo conquistar Persia. Alí foi asasinado polo prefecto do Pretorio Macrino, que usurpou o poder.

Arco de Septimio Severo



Caracalla (211-217 d.C.)



Heliogábalo
(218-222 d.C.)

Xulia Mesa, tía de Caracalla, convenceu as lexións para que asasinasen a Macrino e outorgasen o poder ó seu sobriño-neto Vario Avito. Este fíxose chamar Heliogábalo, “o deus Sol”. Na súa tolemia, pretendeu casar cunha virxe vestal. Obrigado pola súa avoa a nomear sucesor ó seu curmán Xesio Basiano, intentou matalo, mais foi el quen acabou sendo asasinado polos pretorianos.

Xesio Basiano gobernou, apoiado na súa nai, Xulia Mamea, co nome de Alexandre Severo. Buscou a colaboración do Senado, mais tivo que acudir a Xermania a enfrontarse a unha rebelión.

Alí mercou a retirada dos xermanos. Os lexionarios subleváronse e asasinárono.

Seguiron 50 anos de anarquía militar, nos que se sucederán máis de 11 emperadores nomeados e destituídos polos soldados.

Alexandre Severo
(222-235 d.C.)

